

CONVOCATORIA E BASES PARA A SELECCIÓN, COMO PERSOAL LABORAL TEMPORAL, DUN (1) PROFESOR/A DE VIOLONCELLO PARA O CONSERVATORIO DE MÚSICA DO PADROADO CULTURAL DE LALÍN.

Primeiro. Obxecto. A presente convocatoria, ao abeiro do disposto no artigo 15 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores e demais normas concordantes, ten por obxecto convocar e establecer as bases reguladoras do proceso de selección para a contratación, como persoal laboral temporal interino, por vacante, dun/dunha (1) docente de violoncello para o Conservatorio Profesional de Música do Padroado Cultural de Lalín.

Segundo. Condicións da contratación.

- Modalidade contractual: contrato laboral temporal de interinidade, por vacante.
- Xornada laboral: tempo completo.
- Retribucións: segundo o establecido na estrutura organizativa do Padroado Cultural de Lalín, aprobada en sesión extraordinaria do Consello de Administración do Padroado o 13/11/2019 e en sesión extraordinaria do Pleno da Corporación municipal do 15/11/2019.
- Funcións: impartir clases da materia propia da especialidade (violoncello), así como das complementarias a dita formación, asumindo as tarefas propias dun docente: avaliación, preparación das clases, etc., segundo o estipulado na ficha existente para tal posto na estrutura organizativa do Padroado Cultural de Lalín, aprobada, en sesión extraordinaria, do Consello de Administración do Padroado o 13/11/2019 e en sesión extraordinaria do Pleno da Corporación municipal do 15/11/2019.

Terceiro. Requisitos dos/as aspirantes. Para poder participar no proceso selectivo será necesario reunir os seguintes requisitos:

a) Requisitos xerais:

1. Ter nacionalidade española, sen perxuízo do disposto respecto ao acceso ao emprego público dos nacionais doutros Estados no artigo 57 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Emprego Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, e no artigo 52 da Lei 2/20215, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia.
2. Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais do posto ao que aspira. Non padecer enfermidade nin estar afectado/a por ningunha limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das correspondentes funcións.
3. Ter cumpridos os dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación.
4. Non estar separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin estar en situación de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. No caso de ser nacional doutro Estado, non haber sido inhabilitado, ou en situación

equivalente, nin haber sido sometido a sanción disciplinaria, ou equivalente, que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

5. Non estar incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade, conforme á normativa vixente.

b) Requisitos específicos:

1. Estar en posesión do Título Superior de Violoncello (LOXSE), ou de Profesor Superior, ou de Profesor, de Violoncello (Plan 1966), ou Título Profesional de Violoncello (Plan 1942).
2. Presentar unha Unidade Didáctica relacionada coa materia a impartir – curso e temática libre, máximo 5 follas, arial 12, interlineado dobre.

Non poderán participar nesta convocatoria as persoas que estiveran contratadas polo Padroado Cultural de Lalín durante mais de vinte catro (24) meses, nun período de trinta (30) meses, con ou sen solución de continuidade, para o mesmo ou diferente posto de traballo, mediante dous ou mais contratos temporais, na mesma ou diferente modalidade contractual de duración determinada, aos efectos do previsto no artigo 15.5 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.

Os requisitos xerais e específicos deberán terse no momento de rematar o prazo de presentación de solicitudes, e manterse durante todo o proceso selectivo.

Cuarto. Publicidade.

A convocatoria e as presentes bases publicarase no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, na sede electrónica do Concello de Lalín (<https://lalin.sedelectronica.gal>), no taboleiro de anuncios do Concello de Lalín, e na web municipal (www.lalin.gal).

Os anuncios do procedemento, as convocatorias de exames, citacións e emprazamentos aos aspirantes, resultados das probas así coma calquera actuación do tribunal cualificador publicarase na sede electrónica do Concello de Lalín (<https://lalin.sedelectronica.gal>), no taboleiro de anuncios do Concello de Lalín, e na web municipal (www.lalin.gal).

Quinto. Presentación de solicitudes.

1. Para formar parte na selección as persoas aspirantes deberán solicitar a súa participación mediante presentación da solicitude que se recolle no Anexo I destas Bases, dirixida ao Sr. Presidente do Padroado Cultural de Lalín, que deberá acompañarse dos seguintes documentos:

- Copia compulsada do DNI/NIE do solicitante.
- Copia compulsada da documentación acreditativa do título requirido na base terceira.
- Unidade didáctica relacionada coa materia a impartir, nos termos sinalados nos requisitos específicos da base terceira.
- Documentación acreditativa dos méritos alegados tal e como se especifica na base sexta reguladora do sistema de selección.

A non acreditación dos méritos alegados conforme se sinala no apartado anterior, determinará que estes non serán tidos en conta polo Tribunal nin se valorarán aínda que se acrediten fora do prazo de presentación de instancias, xa que non poderán ser emendados. Tampouco se requirirá aos interesados para que os acrediten.

2. Nos supostos de discapacidade física ou psíquica, esta deberá acreditarse achegando coa solicitude de participación no proceso de selección o certificado de discapacidade igual ou superior ao 33% expedido polo órgano competente da Administración autonómica, podendo, no seu caso, solicitar as necesidades específicas de adaptación e axuste de tempo e medios que considere oportunas para participar nas probas selectivas en condicións de igualdade. Para iso farán constar na solicitude o seu tipo de discapacidade e as posibles adaptacións que precisen para participar nas probas selectivas.

3. O prazo para a presentación de solicitudes será de **dez (10) días hábiles** contados desde o seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra. Se o derradeiro día fose inhábil o prazo rematará ao seguinte día hábil.

4. As solicitudes poderán presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Lalín, en horario de 9:00 a 15:00 horas en días laborais, sito na Praza de Galicia, nº 1, 36500 Lalín, ou de xeito telemático na sede electrónica do Concello da Lalín (<https://lalin.sedelectronica.gal>), ou por calquera dos procedementos que prevé o artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. No caso de que a solicitude non se presente no Rexistro Xeral do Concello de Lalín deberá enviarse un correo electrónico ao enderezo emprego@lalin.gal durante o mesmo prazo que o de presentación de instancias, co documento acreditativo da súa presentación en prazo.

5. Rematado o prazo de presentación de solicitudes, o Presidente do Padroado ditará resolución aprobando a lista provisional de admitidos e excluídos, que se publicará na sede electrónica do Concello de Lalín (<https://lalin.sedelectronica.gal>), no taboleiro de anuncios do Concello de Lalín, e na web municipal (www.lalin.gal), dispoñendo do prazo de cinco (5) días hábiles para emendar os defectos que motivaron a exclusión. No caso de que non sexa necesario emenda algunha, a lista provisional elevarase a definitiva.

Sexto. Sistema de selección.

Establécese o sistema de concurso-oposición.

1. Fase de oposición. Máximo dezasete (17) puntos.

A fase de oposición constará de dúas probas:

1.1. Primeira proba. Interpretación dunha obra. Os/as candidatos/as deberán realizar a interpretación dunha obra ou movemento, a elixir polo intérprete, cunha duración non superior aos oito (8) minutos. A puntuación máxima desta proba será de doce (12) puntos.

No caso de interpretar unha obra con acompañamento, este será voluntario e a cargo do/a aspirante.

O Tribunal poderá interromper a interpretación no momento que o considere oportuno.

A data, hora e lugar da proba publicarase na sede electrónica do Concello de Lalín (<https://lalin.sedelectronica.gal>), no taboleiro de anuncios do Concello de Lalín, e na web municipal (www.lalin.gal), ao mesmo tempo que o listado definitivo das persoas admitidas para participar no proceso selectivo.

Os aspirantes deberán acudir provistos do DNI/NIE, dos instrumentos musicais e dunha copia das peza a interpretar dirixidas ao Tribunal.

Os criterios a ter conta para a valoración desta proba son:

- Dificultade técnica e musical da peza interpretada.
- Fidelidade ao texto musical: precisión rítmica, corrección nas articulacións e execución dos tempos indicados polo compositor.
- Coherencia sintáctica (fraseo e entendemento correcto do discurso musical).
- Sonoridade entendendo tanto o propio instrumento como os planos sonoros co acompañamento, no caso de existir.
- Adecuación á partitura na execución das indicacións correspondentes á dinámica e a agónica.
- Afinación.

1.2. Segunda proba. Defensa unidade didáctica. Máximo cinco (5) puntos.

Versará sobre a defensa da unidade didáctica relacionada coa materia a impartir. A puntuación máxima desta proba será de cinco (5) puntos.

Esta proba realizarase inmediatamente despois da proba de interpretación, polo que a data, hora e lugar serán os mesmos que no apartado anterior.

Quedaran excluídos aqueles aspirantes que non comparezan á realización da proba de interpretación.

Para a exposición da unidade didáctica, a persoa aspirante poderá utilizar o material auxiliar sen contido curricular que considere oportuno. Dito material auxiliar servirá para apoiar a exposición mediante a utilización de recursos didácticos non electrónicos nin susceptibles de reprodución electrónica (ilustracións, diagramas, partituras, esquemas, etc., en formato papel).

Os criterios a ter conta para a valoración desta proba son:

- Emprego dun título coherente cos contidos e obxectivos.
- Adecuación da Unidade Didáctica a quen vai dirixida (grao e curso).
- Xustificación da Unidade Didáctica.
- Correcta temporalización da Unidade Didáctica.
- Adecuación a normativa vixente, en especial aos obxectivos e competencias segundo o marco legal.
- Desenvolvemento de diferentes tipos de actividades (de inicio, de avance, de reforzo, ampliación etc.).

- Exposición clara, ordenada, coherente e segura dos coñecementos cun vocabulario específico e actualizado.
- Emprego dunha metodoloxía motivadora e estimulante.
- Utilización dunha introdución e unha conclusión adecuadas.
- Avaliación da Unidade Didáctica (uso de instrumentos de avaliación coherentes cos criterios de avaliación, avaliación inicial, final, plan de recuperación, etc.).

2. Fase de concurso. Máximo dez (10) puntos.

Valoraranse os seguintes méritos conforme ás seguintes puntuacións:

Fase de concurso. Baremo de méritos – máximo 10 puntos	Puntos
1. Requisitos específicos. Necesarios para participar no proceso.	(0 puntos)
<p>2. Formación complementaria. Cursos de especialización, formación continua, en materias relacionadas coas funcións do posto convocado.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Cursos de 30 a 49 horas0,10 puntos (ata un máximo de 1,00 punto) ▪ Cursos de 50 a 99 horas0,20 puntos (ata un máximo de 1,00 punto) ▪ Cursos a partir de 100 horas0,30 puntos (ata un máximo de 1,00 punto) <p>Acreditaranse mediante documento xustificativo da formación cursada (certificación, diploma ou título acreditativo). Só se valorará a formación convocada, impartida ou homologada polas Administracións Públicas, Universidades, Colexios profesionais, Organizacións sindicais e Cámaras de Comercio. Non se valorarán os cursos nos que non se especifiquen as horas de duración ou número de créditos. Cando o documento xustificativo especifique a duración en créditos, salvo que certifique outra cousa, entenderase que 1 crédito equivale a 10 horas e 1 crédito ECTS equivale a 25 horas.</p>	(Máximo 3 puntos)
<p>3. Experiencia profesional. Experiencia en tarefas directamente relacionadas co posto convocado.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Por impartir clases nun Conservatorio de Música Oficial: 0,05 puntos por mes de servizos, cun máximo de 4,5 puntos. ▪ Experiencia profesional en Escolas ou Centros de Música: 0,01 puntos por mes de servizos cun máximo de 2 puntos. <p>Acreditarase mediante vida laboral actualizada máis copia do contrato de traballo ou certificado de empresa, copia do contrato de servizos e alta no réxime da Seguridade Social correspondente no caso de traballadores/as autónomos/as ou certificación expedida pola Administración pública na que prestou servizos no caso das traballadores/as públicos/as, facendo constar o posto que desempeñou e o cómputo total de días, meses ou anos traballados.</p>	(Máximo 6,5 puntos)
<p>4. Coñecemento do idioma galego.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Celga 3 / Curso de iniciación: 0,25 puntos. ▪ Celga 4 / Curso de iniciación: 0,50 puntos. 	(Máximo 0,5 puntos)

Sétimo. Tribunal cualificador.

O tribunal cualificador estará integrado por cinco (5) membros, coa seguinte composición:

- Presidente: o Director do Conservatorio, ou persoa en quen delegue.
- Secretario: o Secretario do Padroado, ou persoa en quen delegue.
- Vogais: tres membros procedentes do Padroado Cultural ou do Concello de Lalín.

A composición nominal dos membros do tribunal axustarase ao disposto no artigo 60 do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, e aprobarase por resolución do Presidente do Padroado Cultural de Lalín e publicarase na sede electrónica do Concello de Lalín (<https://lalin.sedelectronica.gal>), no taboleiro de anuncios do Concello de Lalín, e na web municipal (www.lalin.gal).

O tribunal no poderá constituírse nin actuar sin a asistencia, cando menos, de tres dos seus membros.

Os membros dos tribunais deberán absterse de intervir e comunicarllo á autoridade convocante cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Así mesmo, as persoas aspirantes poderán recusar os membros do tribunal cando concorran algunha das circunstancias antes citadas.

O tribunal resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes todas as dúbidas e propostas que xurdan para a aplicación das normas contidas nas presentes bases e estará facultado para resolver as cuestións que se poidan suscitar durante a valoración dos méritos, así como adoptar as medidas necesarias que garantan a debida orde do concurso-oposición en todo o que non estea previsto nas bases.

O tribunal poderá, se o considera oportuno, valerse de especialistas sobre unha determinada materia que actuarán con voz pero sen voto e os que poderán emitir cantos informes ou ditames lles solicite o tribunal, non sendo tales informes de carácter vinculante.

Oitavo.- Cualificación do proceso selectivo e relación de aprobados.

Finalizada a fase de oposición e avaliados os méritos da fase de concurso, o tribunal cualificador publicará na sede electrónica do Concello de Lalín (<https://lalin.sedelectronica.gal>), no taboleiro de anuncios do Concello de Lalín, e na web municipal (www.lalin.gal), a listase provisional dos aspirantes que superaron o proceso selectivo coas puntuacións acadadas por cada un deles na fase de oposición, as acadadas no baremo de méritos da fase de concurso e as cualificacións finais. Transcorridos tres (3) días hábiles, nos que as persoas interesadas poderán presentar as reclamacións que estimen oportunas, procederase a elevar a definitiva a devandita listase e publicar a acta final de selección

A cualificación final será o resultado da suma das puntuacións acadadas na fase de oposición en na fase de concurso. En caso de empate, os criterios para o desempate serán, por este orde: a maior puntuación na interpretación da obra; a puntuación obtida pola



CONCELLO DE LALÍN
www.lalin.gal



PATRONATO CULTURAL DE LALÍN

experiencia profesional. En caso de persistir o empate, resolverase mediante a realización dunha nova práctica a decidir polo tribunal.

Noveno. Contratación.

Determinada a cualificación final, o tribunal elevará a proposta de contratación do candidato que acadara a maior puntuación á Comisión Executiva do Padroado e, unha vez aprobada, notificaráselle ao interesado para que, previa presentación da documentación que acredite os requisitos esixidos na base terceira, proceda a formalizar o corresponde contrato no prazo máximo de tres días. No caso de incumprimento do establecido nesta base, o contrato poderá ser asinado co seguinte aspirante de máxima puntuación e así sucesivamente.

A selección terá carácter administrativo sendo competencia da xurisdición contencioso-administrativa. A relación laboral e demais vicisitudes rexerese pola lexislación laboral, sendo competencia da xurisdición social as cuestión litixiosas que poidan xurdir.

Lalín a 7 de setembro de 2021.

O PRESIDENTE DO PADROADO
José Crespo Iglesias

Anexo I. Solicitude.

Solicitude de participación no proceso de selección dun/dunha (1) docente de violoncello para o Conservatorio Profesional de Música do Padroado Cultural de Lalín.

Datos do solicitante			
Nome e apelidos:			
DNI/NIE:			
Domicilio:			
Teléfono:		Correo electrónico:	

EXPOÑO:

1º.- Que tendo coñecemento da convocatoria e das bases reguladoras para a selección dun/dunha (1) docente de violoncello para o Conservatorio Profesional de Música do Padroado Cultural de Lalín, publicadas no BOP de Pontevedra de data: _____

2º.- Que estou en posesión de todos e cada un dos requisitos esixidos nas bases reguladoras do proceso selectivo á data de expiración do prazo para a presentación de solicitudes e que, en caso de chamamento, acreditarei conforme o previsto nas devanditas bases.

3º.- Que achego coa presente solicitude a seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI ou documento equivalente.
- Título Superior de Violoncello (LOXSE), ou de Profesor Superior, ou de Profesor, de Violoncello (Plan 1966), ou Título Profesional de Violoncello (Plan 1942).
- Unidade Didáctica.
- Certificado acreditativo de discapacidade (igual o superior ao 33%).

SOLICITO:

Que se admita esta solicitude de participación no proceso selectivo de referencia.

Que (en caso de discapacidade), se realicen, na medida que sexa posible, as seguintes adaptacións no proceso de selección: _____

En _____ a ____ de _____ de _____

Asdo.: (sinatura)

A/A: Sr. Presidente do Padroado Cultura do Concello de Lalín